

## Indicador da Intensidade da Demanda Turística

### METODOLOXÍA

---

#### 1. Obxectivos

O principal obxectivo do conxunto de indicadores da intensidade da demanda turística é obter información máis desagregada territorialmente da existente sobre a demanda turística, coa finalidade de que axuden a planificar os recursos e as políticas encamiñadas a potenciar a actividade turística con criterios de sustentabilidade.

Faise un tratamento específico do litoral galego por un dobre motivo. En primeiro lugar, é, en si mesmo, un motivo de atracción turística. Ademais, necesita unhas garantías propias para asegurar a súa conservación, sustentabilidade e posta en valor.

#### Fontes de información

A orixe dos datos para a elaboración dos indicadores procede de 4 enquisas mensuais do Instituto Nacional de Estatística (INE):

- Enquisa de ocupación hoteleira,
- Enquisa de ocupación en cámpings,
- Enquisa de ocupación en apartamentos turísticos e
- Enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural.

#### 2. Unidades estatísticas

A poboación obxecto de estudo e enviada ao IGE difire en cada unha das enquisas:

- Na Enquisa de ocupación hoteleira son os establecementos hoteleiros (hotel, hotel apartamento ou apartahotel, motel, hostel, pensión, fonda, casa de hóspedes) situados en Galicia. Denomínase establecemento hoteleiro toda unidade produtora de servizos de aloxamento hoteleiro, situada nun mesmo emprazamento xeográfico e na que traballan unha ou máis persoas por conta da mesma empresa.
- Na enquisa de ocupación en cámpings son os establecementos de cámping situados en Galicia. Enténdese por cámpings, aqueles espazos de terreo debidamente delimitados, dotados e acondicionados, destinados a facilitar ás persoas, de modo habitual e mediante o pago dun prezo estipulado, un lugar para facer vida ao aire libre durante tempo limitado con

fins de vacacións ou turísticos e utilizando como residencia, albergues móbiles, caravanas, tendas de campaña ou outros elementos similares facilmente transportables.

- Na enquisa de ocupación en apartamentos turísticos son os establecementos de apartamentos turísticos situados en Galicia. Enténdese por establecemento de apartamentos turísticos toda unidade produtora cuxa actividade exclusiva ou principal é a de aloxamento de turistas, distribuídos en unidades amobladas (apartamentos, chalés, vilas, bungalows,...).
- Na enquisa de ocupación en aloxamentos de turismo rural son aqueles establecementos ou vivendas destinados ao aloxamento turístico mediante prezo, con ou sen outros servizos, complementarios e que estean inscritos no correspondente rexistro de establecementos de turismo rural da Comunidade Autónoma de Galicia. Estes establecementos adoitan presentar unhas características determinadas:
  - a) Estar situados no medio rural.
  - b) Ser edificacións con tipoloxía arquitectónica propia da zona ou estar situados en leiras que manteñan activas explotacións agropecuarias (agroturismo).
  - c) Ofrecer un límite de prazas e habitacións para o aloxamento de hóspedes e reunir certos requisitos de infraestrutura e dotacións básicas.

### **3. Procedemento de cálculo**

O obxectivo do conxunto de indicadores elaborados nesta actividade estatística busca medir a intensidade turística por áreas da Comunidade Autónoma de Galicia, coa finalidade de que axuden a planificar a actividade turística con criterios de sustentabilidade, cunha especial atención ao litoral.

#### **Clasificación dos municipios en áreas**

O primeiro paso consiste en clasificar os municipios de Galicia en áreas, denominadas destinos. Defínense 18 destinos:

- A Coruña e As Mariñas
- Ancares - Courel
- Celanova - Limia
- Costa da Morte
- Deza - Tabeirós
- Ferrolterra
- Lugo e a Terra Chá
- Manzaneda - Trevinca

- Mariña Lucense
- O Ribeiro
- Ría de Arousa
- Ría de Muros e Noia
- Ría de Vigo e Baixo Miño
- Ría e Terras de Pontevedra
- Ribeira Sacra
- Terras de Ourense e Allariz
- Terras de Santiago
- Verín – Viana

Deles, oito defínense como destinos costeiros xa que teñen unha liña de costa significativa. No caso de Terras de Santiago, como só ten 1,5 km de costa, non se considera costeiro.

Os 8 destinos costeiros son:

- A Coruña e As Mariñas
- Costa da Morte
- Ferrolterra
- Mariña Lucense
- Ría de Arousa
- Ría de Muros e Noia
- Ría de Vigo e Baixo Miño
- Ría e Terras de Pontevedra

No apéndice ofrécese unha lista cos municipios que pertencen a cada destino.

## **Indicadores**

Para cada un dos destinos calculamos o número de noites e 6 indicadores:

- Número de noites = Estimación do número de noites en establecementos hoteleiros, de cámping, de apartamentos turísticos e de turismo rural situados en Galicia.
- Indicador de área = Número de noites / Área do destino (km<sup>2</sup>)
- Indicador de costa = Número de noites / Liña de costa do destino (km)
- Indicador de poboación (1) = ((Número de noites / nº de días no ano) / poboación do destino)\*100

- Indicador de poboación (2) = Número de noites / poboación do destino
- Indicador estacional (1) = (Número de noites en xullo e agosto / número de noites)\*100
- Indicador estacional (2) = Indicador estacional (1) neste ano – Indicador estacional (1) no ano anterior.

A poboación de cada ano obtense como a media das cifras poboacionais de referencia municipais do IGE dese ano e do ano seguinte, que teñen como referencia o 1 de xaneiro.

A información da área e a liña de costa dos destinos é fornecida polo Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia.

O indicador de costa só se define para os destinos costeiros.

### **Cálculo das noites cos microdatos do INE**

As noites calcúlanse coa metodoloxía empregada e publicada polo INE. Pero o estimador de noites non é aditivo, no sentido de que aplicado ás 4 provincias galegas e sumado non dá exactamente o mesmo resultado que aplicado ao conxunto de Galicia. Porén, unha vez estimadas as noites por destinos elévanse para que a suma dea o resultado publicado para o conxunto de Galicia.

Estas diferenzas para as provincias ou os destinos son moi pequenas.

### **Os catro ámbitos dos indicadores**

Os indicadores para os destinos calcúlanse para catro ámbitos diferentes.

En primeiro lugar distínguense o total de noites das noites de residentes de fóra de Galicia. Ademais, distínguense aos municipios costeiros do resto.

Porén, calcúlanse 4 táboas diferentes, cada unha co número de noites e cos 6 indicadores por destinos:

- Indicadores con todas as noites e todos os municipios.
- Indicadores coas noites de residentes de fóra de Galicia e todos os municipios.
- Indicadores con todas as noites e só os municipios costeiros.
- Indicadores coas noites de residentes de fóra de Galicia e só os municipios costeiros.

## **4. Difusión**

O conxunto de indicadores difúndese na web do IGE en dúas hipertáboas. Unha para todos os municipios e outra para os municipios costeiros.

Para cada unha das hipertáboas pódese escoller:

- O ano.
- A orixe do viaxeiro; todas as orixes ou só os de fóra de Galicia.
- Os 18 destinos nos que se agruparon os municipios de Galicia (8 no caso dos municipios costeiros).
- Os 6 indicadores e o número de noites.

## Apéndice: Municipios por destinos

Destino	Código	Municipio	Costeiro
A Coruña e As Mariñas	15001	Abegondo	
A Coruña e As Mariñas	15003	Aranga	
A Coruña e As Mariñas	15005	Arteixo	Si
A Coruña e As Mariñas	15008	Bergondo	Si
A Coruña e As Mariñas	15009	Betanzos	Si
A Coruña e As Mariñas	15017	Cambre	Si
A Coruña e As Mariñas	15021	Carral	
A Coruña e As Mariñas	15027	Coirós	
A Coruña e As Mariñas	15030	A Coruña	Si
A Coruña e As Mariñas	15031	Culleredo	Si
A Coruña e As Mariñas	15039	Irixoa	
A Coruña e As Mariñas	15048	Miño	Si
A Coruña e As Mariñas	15058	Oleiros	Si
A Coruña e As Mariñas	15064	Paderne	Si
A Coruña e As Mariñas	15075	Sada	Si
A Coruña e As Mariñas	15902	Oza-Cesuras	
Ancares-Courel	27004	Baleira	
Ancares-Courel	27006	Becerreá	
Ancares-Courel	27012	Cervantes	
Ancares-Courel	27017	Folgoso do Courel	
Ancares-Courel	27018	A Fonsagrada	
Ancares-Courel	27024	O Incio	
Ancares-Courel	27034	Navia de Suarna	
Ancares-Courel	27035	Negueira de Muñiz	
Ancares-Courel	27037	As Nogais	
Ancares-Courel	27045	Pedrafita do Cebreiro	
Ancares-Courel	27053	Ribeira de Piquín	
Ancares-Courel	27055	Samos	
Ancares-Courel	27062	Triacastela	
Celanova-Limia	32005	Baltar	
Celanova-Limia	32006	Bande	
Celanova-Limia	32012	Os Blancos	
Celanova-Limia	32014	A Bola	
Celanova-Limia	32016	Calvos de Randín	
Celanova-Limia	32020	Cartelle	
Celanova-Limia	32024	Celanova	
Celanova-Limia	32030	Entrimo	
Celanova-Limia	32032	Xinzo de Limia	
Celanova-Limia	32033	Gomesende	
Celanova-Limia	32041	Lobeira	
Celanova-Limia	32042	Lobios	
Celanova-Limia	32051	Muíños	
Celanova-Limia	32056	Padrenda	
Celanova-Limia	32062	Porqueira	
Celanova-Limia	32066	Quintela de Leirado	
Celanova-Limia	32067	Rairiz de Veiga	
Celanova-Limia	32068	Ramirás	
Celanova-Limia	32077	Sandiás	
Celanova-Limia	32078	Sarreaus	
Celanova-Limia	32082	Trasmiras	

Celanova-Limia	32084	Verea	
Celanova-Limia	32089	Vilar de Barrio	
Celanova-Limia	32090	Vilar de Santos	
Costa da Morte	15014	Cabana de Bergantiños	Si
Costa da Morte	15016	Camariñas	Si
Costa da Morte	15019	Carballo	Si
Costa da Morte	15020	Carnota	Si
Costa da Morte	15023	Cee	Si
Costa da Morte	15028	Corcubión	Si
Costa da Morte	15029	Coristanco	
Costa da Morte	15034	Dumbría	Si
Costa da Morte	15037	Fisterra	Si
Costa da Morte	15040	Laxe	Si
Costa da Morte	15041	A Laracha	Si
Costa da Morte	15043	Malpica de Bergantiños	Si
Costa da Morte	15045	Mazaricos	
Costa da Morte	15052	Muxía	Si
Costa da Morte	15068	Ponteceso	Si
Costa da Morte	15092	Vimianzo	Si
Costa da Morte	15093	Zas	
Deza-Tabeirós	36016	Dozón	
Deza-Tabeirós	36017	A Estrada	
Deza-Tabeirós	36018	Forcarei	
Deza-Tabeirós	36020	Agolada	
Deza-Tabeirós	36024	Lalín	
Deza-Tabeirós	36047	Rodeiro	
Deza-Tabeirós	36052	Silleda	
Deza-Tabeirós	36059	Vila de Cruces	
Ferrolterra	15004	Ares	Si
Ferrolterra	15015	Cabanas	Si
Ferrolterra	15018	A Capela	
Ferrolterra	15022	Cedeira	Si
Ferrolterra	15025	Cerdido	
Ferrolterra	15035	Fene	Si
Ferrolterra	15036	Ferrol	Si
Ferrolterra	15044	Mañón	Si
Ferrolterra	15049	Moeche	
Ferrolterra	15050	Monfero	
Ferrolterra	15051	Mugardos	Si
Ferrolterra	15054	Narón	Si
Ferrolterra	15055	Neda	Si
Ferrolterra	15061	Ortigueira	Si
Ferrolterra	15069	Pontedeume	Si
Ferrolterra	15070	As Pontes de García Rodríguez	
Ferrolterra	15076	San Sadurniño	
Ferrolterra	15081	As Somozas	
Ferrolterra	15087	Valdoviño	Si
Ferrolterra	15091	Vilarmador	
Ferrolterra	15901	Cariño	Si
Lugo e terra Chá	27001	Abadín	
Lugo e terra Chá	27003	Antas de Ulla	
Lugo e terra Chá	27007	Begonte	
Lugo e terra Chá	27010	Castro de Rei	

Lugo e terra Chá	27011	Castroverde	
Lugo e terra Chá	27014	O Corgo	
Lugo e terra Chá	27015	Cospeito	
Lugo e terra Chá	27020	Friol	
Lugo e terra Chá	27021	Xermade	
Lugo e terra Chá	27022	Guitiriz	
Lugo e terra Chá	27023	Guntín	
Lugo e terra Chá	27026	Láncara	
Lugo e terra Chá	27028	Lugo	
Lugo e terra Chá	27029	Meira	
Lugo e terra Chá	27032	Monterroso	
Lugo e terra Chá	27033	Muras	
Lugo e terra Chá	27039	Outeiro de Rei	
Lugo e terra Chá	27040	Palas de Rei	
Lugo e terra Chá	27043	O Páramo	
Lugo e terra Chá	27044	A Pastoriza	
Lugo e terra Chá	27046	Pol	
Lugo e terra Chá	27054	Riotorto	
Lugo e terra Chá	27056	Rábade	
Lugo e terra Chá	27057	Sarria	
Lugo e terra Chá	27065	Vilalba	
Lugo e terra Chá	27901	Baralla	
Manzaneda-Trevinca	32009	O Barco de Valdeorras	
Manzaneda-Trevinca	32015	O Bolo	
Manzaneda-Trevinca	32017	Carballeda de Valdeorras	
Manzaneda-Trevinca	32029	Chandrexa de Queixa	
Manzaneda-Trevinca	32038	Larouco	
Manzaneda-Trevinca	32044	Manzaneda	
Manzaneda-Trevinca	32060	Petín	
Manzaneda-Trevinca	32063	A Pobra de Trives	
Manzaneda-Trevinca	32070	San Xoán de Río	
Manzaneda-Trevinca	32072	A Rúa	
Manzaneda-Trevinca	32073	Rubiá	
Manzaneda-Trevinca	32083	A Veiga	
Manzaneda-Trevinca	32088	Vilamartín de Valdeorras	
Mariña Lucense	27002	Alfoz	
Mariña Lucense	27005	Barreiros	Si
Mariña Lucense	27013	Cervo	Si
Mariña Lucense	27019	Foz	Si
Mariña Lucense	27025	Xove	Si
Mariña Lucense	27027	Lourenzá	
Mariña Lucense	27030	Mondoñedo	
Mariña Lucense	27038	Ourol	
Mariña Lucense	27048	A Pontenova	
Mariña Lucense	27051	Ribadeo	Si
Mariña Lucense	27061	Trabada	Si
Mariña Lucense	27063	O Valadouro	
Mariña Lucense	27064	O Vicedo	Si
Mariña Lucense	27066	Viveiro	Si
Mariña Lucense	27902	Burela	Si
O Ribeiro	32002	Amoeiro	
O Ribeiro	32003	A Arnoia	
O Ribeiro	32004	Avión	



O Ribeiro	32010	Beade	
O Ribeiro	32011	Beariz	
O Ribeiro	32013	Boborás	
O Ribeiro	32018	Carballeda de Avia	
O Ribeiro	32019	O Carballiño	
O Ribeiro	32022	Castrelo de Miño	
O Ribeiro	32025	Cenlle	
O Ribeiro	32027	Cortegada	
O Ribeiro	32035	O Irixo	
O Ribeiro	32040	Leiro	
O Ribeiro	32045	Maside	
O Ribeiro	32046	Melón	
O Ribeiro	32061	Piñor	
O Ribeiro	32064	Pontedeva	
O Ribeiro	32065	Punxín	
O Ribeiro	32069	Ribadavia	
O Ribeiro	32074	San Amaro	
O Ribeiro	32076	San Cristovo de Cea	
Ría de Arousa	15011	Boiro	Si
Ría de Arousa	15033	Dodro	Si
Ría de Arousa	15067	A Pobra do Caramiñal	Si
Ría de Arousa	15072	Rianxo	Si
Ría de Arousa	15073	Ribeira	Si
Ría de Arousa	36006	Cambados	Si
Ría de Arousa	36010	Catoira	Si
Ría de Arousa	36022	O Grove	Si
Ría de Arousa	36027	Meaño	Si
Ría de Arousa	36028	Meis	
Ría de Arousa	36044	Pontecesures	
Ría de Arousa	36046	Ribadumia	Si
Ría de Arousa	36051	Sanxenxo	Si
Ría de Arousa	36056	Valga	Si
Ría de Arousa	36060	Vilagarcía de Arousa	Si
Ría de Arousa	36061	Vilanova de Arousa	Si
Ría de Arousa	36901	A Illa de Arousa	Si
Ría de Muros e Noia	15042	Lousame	
Ría de Muros e Noia	15053	Muros	Si
Ría de Muros e Noia	15057	Noia	Si
Ría de Muros e Noia	15062	Outes	Si
Ría de Muros e Noia	15071	Porto do Son	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36001	Arbo	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36003	Baiona	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36009	A Cañiza	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36013	Covelo	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36014	Crecente	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36019	Fornelos de Montes	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36021	Gondomar	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36023	A Guarda	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36030	Mondariz	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36031	Mondariz-Balneario	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36033	Mos	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36034	As Neves	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36035	Nigrán	Si

Ría de Vigo e Baixo Miño	36036	Oia	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36037	Pazos de Borbén	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36039	O Porriño	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36042	Ponteareas	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36045	Redondela	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36048	O Rosal	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36049	Salceda de Caselas	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36050	Salvaterra de Miño	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36053	Soutomaior	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36054	Tomiño	Si
Ría de Vigo e Baixo Miño	36055	Tui	
Ría de Vigo e Baixo Miño	36057	Vigo	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36002	Barro	
Ría e Terras de Pontevedra	36004	Bueu	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36005	Caldas de Reis	
Ría e Terras de Pontevedra	36007	Campo Lameiro	
Ría e Terras de Pontevedra	36008	Cangas	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36015	Cuntis	
Ría e Terras de Pontevedra	36025	A Lama	
Ría e Terras de Pontevedra	36026	Marín	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36029	Moaña	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36032	Moraña	
Ría e Terras de Pontevedra	36038	Pontevedra	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36040	Portas	
Ría e Terras de Pontevedra	36041	Poio	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36043	Ponte Caldelas	
Ría e Terras de Pontevedra	36058	Vilaboia	Si
Ría e Terras de Pontevedra	36902	Cerdedo-Cotobade	
Ribeira Sacra	27008	Bóveda	
Ribeira Sacra	27009	Carballedo	
Ribeira Sacra	27016	Chantada	
Ribeira Sacra	27031	Monforte de Lemos	
Ribeira Sacra	27041	Pantón	
Ribeira Sacra	27042	Paradela	
Ribeira Sacra	27047	A Pobra do Brollón	
Ribeira Sacra	27049	Portomarín	
Ribeira Sacra	27050	Quiroga	
Ribeira Sacra	27052	Ribas de Sil	
Ribeira Sacra	27058	O Saviñao	
Ribeira Sacra	27059	Sober	
Ribeira Sacra	27060	Taboada	
Ribeira Sacra	32023	Castro Caldelas	
Ribeira Sacra	32031	Esgos	
Ribeira Sacra	32037	Xunqueira de Espadanedo	
Ribeira Sacra	32049	Montederramo	
Ribeira Sacra	32052	Nogueira de Ramuín	
Ribeira Sacra	32057	Parada de Sil	
Ribeira Sacra	32059	A Peroxa	
Ribeira Sacra	32080	A Teixeira	
Terras de Ourense e Allariz	32001	Allariz	
Terras de Ourense e Allariz	32007	Baños de Molgas	
Terras de Ourense e Allariz	32008	Barbadás	

Terras de Ourense e Allariz	32026	Coles
Terras de Ourense e Allariz	32036	Xunqueira de Ambía
Terras de Ourense e Allariz	32043	Maceda
Terras de Ourense e Allariz	32047	A Merca
Terras de Ourense e Allariz	32054	Ourense
Terras de Ourense e Allariz	32055	Paderne de Allariz
Terras de Ourense e Allariz	32058	O Pereiro de Aguiar
Terras de Ourense e Allariz	32075	San Cibrao das Viñas
Terras de Ourense e Allariz	32079	Taboadela
Terras de Ourense e Allariz	32081	Toén
Terras de Ourense e Allariz	32087	Vilamarín
Terras de Santiago	15002	Ames
Terras de Santiago	15006	Arzúa
Terras de Santiago	15007	A Baña
Terras de Santiago	15010	Boimorto
Terras de Santiago	15012	Boqueixón
Terras de Santiago	15013	Brión
Terras de Santiago	15024	Cerceda
Terras de Santiago	15032	Curtis
Terras de Santiago	15038	Frades
Terras de Santiago	15046	Melide
Terras de Santiago	15047	Mesía
Terras de Santiago	15056	Negreira
Terras de Santiago	15059	Ordes
Terras de Santiago	15060	Oroso
Terras de Santiago	15065	Padrón
Terras de Santiago	15066	O Pino
Terras de Santiago	15074	Rois
Terras de Santiago	15077	Santa Comba
Terras de Santiago	15078	Santiago de Compostela
Terras de Santiago	15079	Santiso
Terras de Santiago	15080	Sobrado
Terras de Santiago	15082	Teo
Terras de Santiago	15083	Toques
Terras de Santiago	15084	Tordoia
Terras de Santiago	15085	Touro
Terras de Santiago	15086	Trazo
Terras de Santiago	15088	Val do Dubra
Terras de Santiago	15089	Vedra
Terras de Santiago	15090	Vilasantar
Verín-Viana	32021	Castrelo do Val
Verín-Viana	32028	Cualedro
Verín-Viana	32034	A Gudiña
Verín-Viana	32039	Laza
Verín-Viana	32048	A Mezquita
Verín-Viana	32050	Monterrei
Verín-Viana	32053	Oímbra
Verín-Viana	32071	Ríos
Verín-Viana	32085	Verín
Verín-Viana	32086	Viana do Bolo
Verín-Viana	32091	Vilardevos
Verín-Viana	32092	Vilariño de Conso